

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

2991 *Real decreto 267/2017, do 17 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, e polo que se desenvolve a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

A Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, establece un réxime xurídico complementario ao da Unión Europea para as denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP) cuxo ámbito territorial se estende a máis dunha comunidade autónoma, e presta unha especial atención aos distintos controis a que se someten os operadores.

Unha das novidades máis relevantes que recolle a citada Lei 6/2015, do 12 de maio, é a referente á caracterización dos consellos reguladores como entidades de xestión das DOP e IXP, ás cales dedica o seu capítulo IV. Constitúense como agrupacións paritarias de todos os representantes dos intereses económicos e sectoriais que participan na obtención do produto protexido, dotadas de personalidade xurídica propia e independente para a xestión, promoción e defensa dos intereses comúns para a DOP ou IXP correspondente. Os consellos reguladores teñen en España un fondo arraigamento, pois serviron desde principios do século pasado para recoñecer e potenciar produtos con características propias de calidade ligadas ao ámbito xeográfico en que tiveron a súa orixe, e constituíronse como un elemento clave para o desenvolvemento dun modelo de calidade que experimentou un importante desenvolvemento na actualidade e que serviu tanto para incrementar a competitividade das nosas industrias agroalimentarias coma para axudar ao desenvolvemento e sustentabilidade do medio rural.

Os ditos consellos reguladores tiveron que se adaptar en poucos anos, como consecuencia das sucesivas regulacións europeas e nacionais. Nas súas orixes eran organismos públicos que actuaban como órganos desconcentrados da Administración, de natureza xurídico-pública e baixo a tutela da Administración xeral do Estado, e foron evolucionando a entidades de dereito privado, nuns casos, ou de dereito público, noutros. En definitiva, o lexislador optou polo recoñecemento expreso das distintas formas xurídicas que poden adoptar os consellos reguladores, o que lles permitirá acomodarse á nova realidade xurídica da forma máis flexible posible. Aqueles consellos reguladores que desexen asumir determinadas funcións de colaboración que comporten o exercicio de funcións públicas poderán adoptar a forma de corporacións de dereito público.

Mediante este real decreto desenvólvense, polo tanto, aqueles preceptos da Lei 6/2015, do 12 de maio, que afectan o recoñecemento de novas entidades de xestión das ditas DOP e IXP, a aprobación dos seus estatutos en caso de que sexan recoñecidas como corporacións de dereito público e a comunicación dos seus acordos.

Outro elemento básico para o control oficial é a existencia dun sistema unificado de información de operadores acollidos ás DOP e IXP de ámbito territorial supraautonómico. Este sistema, que non ten carácter habilitante, é imprescindible para as actividades de supervisión e control.

Deste xeito unifícase a información recollida nos rexistros dos actuais consellos reguladores nun sistema unificado de información de operadores e establécense as medidas de colaboración entre as entidades de xestión e o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama) con relación á súa xestión e ao seu mantemento.

Ademais, regúlase a incorporación e xestión dos datos dos produtores respecto daquelas DOP ou IXP para as cales non existan entidades de xestión.

Por outra parte, neste real decreto desenvólvese o modelo de control oficial establecido na citada Lei 6/2015, do 12 de maio, en cumprimento da normativa europea, en especial, segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

En consecuencia, descríbense os diferentes sistemas de control que habilita a Lei 6/2015, do 12 de maio, para verificar o cumprimento dos pregos de condicións como tarefa de control oficial, e correspóndelle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, como autoridade competente dentro do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de conformidade co establecido no artigo 22.5 da Lei 6/2015, do 12 de maio, establecer, entre outras funcións, o sistema de control para cada DOP e IXP.

Así, a verificación do cumprimento dos pregos de condicións pode exercela directamente a Axencia de Información e Control Alimentarios, que é a autoridade competente para levar a cabo a verificación do cumprimento dos pregos de condicións que especifique a Dirección Xeral da Industria Alimentaria do departamento.

Tamén se recolle a posibilidade de delegación da verificación do cumprimento dos pregos de condicións nun ou en varios organismos de control, sempre e cando cumpran unha serie de requisitos, entre os cales cabe destacar a súa acreditación de conformidade coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa. Esta acreditación deberá ter sido emitida pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac) ou polo organismo nacional de acreditación de calquera outro Estado membro da Unión Europea, designado de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 765/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de xullo de 2008, polo que se establecen os requisitos de acreditación e vixilancia do mercado relativos á comercialización dos produtos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 339/93.

Neste sentido, na disposición adicional primeira establécese un réxime de obtención da autorización provisional para aqueles casos en que no momento de solicitar a delegación as entidades se encontren en proceso de acreditación. Desta forma estableceuse conceder unha autorización provisional de doce meses, que poderá ser obxecto de ata un máximo de dúas prórrogas por un período máximo de doce meses cada unha; desenvólvese así o previsto no artigo 23 da Lei 6/2015, do 12 de maio.

Por outro lado, a disposición derradeira primeira da Lei 6/2015, do 12 de maio, modificou a disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, engadindo novos fins e funcións á Axencia de Información e Control Alimentarios e creando a taxa polas actuacións de inspección.

Incluíronse, entre os fins xerais da citada axencia, o desenvolvemento das funcións que regulamentariamente se determinen de control oficial antes da comercialización das DOP e das IXP cuxo ámbito territorial se estenda a máis dunha comunidade autónoma. Entre as súas funcións inclúese a de establecer e desenvolver o réxime do control oficial para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións designados por parte dos operadores acollidos a unha DOP ou IXP cuxo ámbito territorial se estenda a máis dunha comunidade autónoma, e o das súas respectivas entidades de xestión; iniciar e instruír, conforme o seu propio réxime, os procedementos sancionadores polos incumprimentos da Lei 6/2015, do 12 de maio, e formularlles ás autoridades competentes as propostas de resolución que correspondan.

Ademais, engadiuse un novo número 15 á citada disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, pola que se crea a taxa polas actuacións de inspección realizadas pola Axencia de Información e Control Alimentarios, de maneira que se fai necesario o desenvolvemento xurídico neste real decreto do citado número 15.

Mediante o Real decreto 227/2014, do 4 de abril, aprobouse o Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios, e mediante o Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro,

aprobouse a regulación do réxime de controis que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios, previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto.

Tendo en conta que no articulado destes reais decretos se recollen preceptos que tratan dos fins e das funcións da Axencia de Información e Control Alimentarios, así como doutras cuestións que foron afectadas pola Lei 6/2015, do 12 de maio, débense complementar estes, adaptándoos ás modificacións realizadas á Lei 12/2013, do 2 de agosto.

En calquera caso, a execución do disposto neste real decreto efectuarase cos actuais medios persoais e materiais destinados ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e non suporá incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Así mesmo, a través da disposición derradeira terceira, considerouse oportuno por claridade normativa suprimir a definición de pacharán contida no Real decreto 164/2014, do 14 de marzo, polo que se establecen normas complementarias para a produción, designación, presentación e etiquetaxe de determinadas bebidas espirituosas, debido a que xa non é necesaria ao se ter regulado por normativa da Unión Europea, a través do Regulamento (UE) 2015/210 da Comisión, do 10 de febreiro de 2015, polo que se modifican os anexos II e III do Regulamento (CE) n.º 110/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á definición, designación, presentación, etiquetaxe e protección das indicacións xeográficas de bebidas espirituosas. Trátase, polo tanto, dunha harmonización coa normativa europea.

Tamén se derroga o Real decreto 1679/1999, do 29 de outubro, sobre concursos oficiais e concursos oficialmente recoñecidos de viños, por ter desaparecido das disposicións comunitarias o requisito que deu fundamento á norma.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da economía, nos termos en que o establece a sentenza do Tribunal Constitucional (STC 112/1995).

Así mesmo, dítase en virtude da facultade que a disposición derradeira terceira da Lei 6/2015, do 12 de maio, lle outorga ao Goberno para ditar cantas disposicións sexan precisas para a súa aplicación e desenvolvemento.

No proceso de tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Facenda e Función Pública e da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto:

a) O desenvolvemento da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, a partir deste momento DOP e IXP, respectivamente, nos seus aspectos relativos ao recoñecemento das entidades de xestión, ao sistema unificado de información de operadores e ao seu control oficial.

b) O desenvolvemento do número 15 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea

alimentaria, no relativo á xestión da taxa por actuacións de inspección e control oficial da Axencia de Información e Control Alimentarios.

c) A modificación do Real decreto 227/2014, do 4 de abril, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios, e do Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o réxime de controis que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios, previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

CAPÍTULO II

Entidades de xestión

Artigo 2. *Recoñecemento de entidades de xestión.*

1. Aquelas entidades con personalidade xurídica propia que se pretendan constituír como entidades de xestión dunha DOP ou dunha IXP deberán presentar o seguinte para o seu recoñecemento:

a) Solicitude dirixida á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, segundo o modelo establecido para o efecto no anexo I.

b) Declaración de que cumpren co establecido no artigo 15 da Lei 6/2015, do 12 de maio, e que se comprometen a cumprir co disposto no artigo 16 da dita lei.

c) Documento notarial de constitución da asociación, xunto cos estatutos provisionais.

d) Unha declaración de que cumpren cos requisitos establecidos nos regulamentos comunitarios e na cal se comprometen a cumprir e facer cumprir o prego de condicións aprobado.

2. As solicitudes citadas no número 1 presentaranse no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ou segundo o previsto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente remitiralle as solicitudes aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas para o seu informe no prazo de 10 días; transcorrido este, entenderase emitido en sentido favorable.

4. As solicitudes resolveraa a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, no prazo de seis meses contados desde a presentación da solicitude. O transcurso do dito prazo sen se notificar resolución expresa permitiralle ao interesado entender desestimada a súa solicitude.

5. As entidades que se pretendan constituír como corporacións de dereito público deberán presentar, ademais do anterior:

a) Unha declaración na cal se comprometen a cumprir co disposto no artigo 17 da Lei 6/2015, do 12 de maio.

b) O proxecto de estatutos da corporación de dereito público, de acordo co establecido no artigo 17.e) da Lei 6/2015, do 12 de maio, e no artigo 3 deste real decreto. A aprobación destes estatutos efectuarase ao mesmo tempo que o recoñecemento como corporación de dereito público.

Artigo 3. *Aprobación de estatutos das corporacións de dereito público.*

1. Conforme o disposto no artigo 17.e) e no número 3 da disposición adicional primeira da Lei 6/2015, do 12 de maio, as entidades de xestión que teñan a forma de corporacións de dereito público someterán ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, para a súa aprobación, os estatutos da corporación.

2. En ningún caso os estatutos poderán regular materias reservadas á lei ou aos seus regulamentos, nin ao prego de condicións de cada figura de calidade.

3. Poderase establecer nos estatutos a participación de membros das administracións públicas nos órganos de goberno con voz e sen voto.

4. A solicitude presentárase no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou segundo o previsto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e a tramitación efectuaráase a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, logo de informe favorable da Avogacía do Estado do departamento.

5. Os estatutos aprobaranse por orde do titular do departamento publicada no *Boletín Oficial del Estado*.

6. As solicitudes serán resoltas no prazo máximo de seis meses e de conformidade co establecido no artigo 17 e) da Lei 6/2015, do 12 de maio.

7. Para as modificacións de estatutos aprobados das entidades de xestión constituídas como corporacións de dereito público será de aplicación o establecido neste artigo.

Artigo 4. *Comunicación de acordos das entidades de xestión.*

1. As entidades de xestión que adoptasen a forma de corporación de dereito público deberanlle comunicar á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, antes de facelos públicos, os acordos tomados a que se refire o artigo 17.h), ordinais 2.º e 4.º da Lei 6/2015, do 12 de maio.

En caso de que a Dirección Xeral da Industria Alimentaria formulase observacións a eses acordos, notificarallas á entidade de xestión para que as faga públicas de igual maneira que os acordos tomados.

2. Os estatutos destas corporacións de dereito público establecerán a forma de publicidade dos ditos acordos, que garanta o seu coñecemento polos operadores da figura de calidade e polas comunidades autónomas afectadas.

CAPÍTULO III

Sistema unificado de información de operadores

Artigo 5. *Sistema unificado de información de operadores.*

1. Créase o sistema unificado de información de operadores de figuras de calidade diferenciada de ámbito supraautonómico.

2. O sistema unificado de información de operadores quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que será o responsable do seu funcionamento coordinado. Neste sistema figurarán os datos correspondentes dos operadores, tanto os que actualmente se encontren en disposición das entidades de xestión coma os que inicien a súa actividade.

As entidades de xestión colaborarán co mantemento do sistema unificado de información de operadores na parte que afecte as súas figuras de calidade, en relación coa actividade dos operadores.

3. Os operadores novos, ou para comunicar modificacións no caso dos xa existentes, deberán remitir á entidade de xestión os datos relacionados no anexo II. No caso de que non exista entidade de xestión, os operadores deberán remitir estes datos á Dirección Xeral da Industria Alimentaria co obxecto de seren incluídos no sistema unificado de información de operadores.

4. Os operadores deberán comunicar cunha antelación de polo menos 30 días hábiles o cesamento efectivo da súa actividade e indicar as existencias de produtos amparados na data da solicitude do dito cesamento na actividade.

CAPÍTULO IV

O control das DOP e IXP

Artigo 6. *Designación da autoridade competente.*

De conformidade co artigo 22.5 da Lei 6/2015, do 12 de maio, o control oficial é competencia da Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que establece o sistema de control para cada DOP e IXP.

Neste sentido e de conformidade co Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente é a unidade competente no programa nacional de control oficial respecto das DOP e IXP de ámbito territorial supraautonómico.

Pola súa vez, a Axencia de Información e Control Alimentarios é a autoridade competente para levar a cabo a verificación do cumprimento dos pregos de condicións que a Dirección Xeral da Industria Alimentaria lle especifique.

Artigo 7. *Verificación do cumprimento dos pregos de condicións.*

1. De conformidade co artigo 23 da Lei 6/2015, do 12 de maio, a verificación de que un produto cumpre o prego de condicións correspondente poderase delegar nun ou en varios organismos de control acreditados de conformidade coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa.

A delegación só se poderá efectuar sobre un organismo de control que cumpra, ademais, os seguintes requisitos:

- a) Posuír a experiencia, os equipos e a infraestrutura necesarios para realizar as tarefas que lle foron delegadas.
- b) Contar con persoal suficiente e coa cualificación e experiencia adecuadas.
- c) Ser imparcial e non ter ningún conflito de intereses no que respecta ao exercicio das tarefas que lle foron delegadas.

A dita delegación aprobarase mediante resolución do director xeral da Industria Alimentaria para cada DOP e IXP supraautonómicas.

2. En caso de que o organismo de control designado non cumpra cos requisitos do artigo 8 deste real decreto, se lle retirase ou suspendese a acreditación ou se verifique o incumprimento das obrigas que se establecen neste real decreto, o control poderase exercer ben directamente por parte da Axencia de Información e Control Alimentarios, como autoridade competente, ou ben mediante delegación expresa da Dirección Xeral da Industria Alimentaria noutro organismo de control que actúe como organismo de certificación de produto, acreditado de conformidade coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 6/2015, do 12 de maio. Se non existise organismo de control acreditado, o control exercerao a Axencia de Información e Control Alimentarios.

3. Os operadores non poderán comercializar produto amparado co logotipo da DOP ou IXP supraautonómica sen se someteren á verificación do cumprimento do prego de condicións.

CAPÍTULO V

Delegación de tarefas de control oficial

Artigo 8. *Requisitos para a delegación de tarefas de control oficial.*

1. As entidades que pretendan actuar conforme o sinalado no artigo anterior como organismos de control delegados deberán presentar unha solicitude dirixida á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, segundo o modelo establecido no anexo III, xunto con:

- a) Tarxeta de identificación fiscal, escritura de constitución ou estatutos.
- b) Procedemento de certificación para o prego de condicións correspondente.
- c) Copia auténtica ou documento equivalente do certificado de acreditación expedido por un organismo nacional de acreditación para a Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, para o prego de condicións correspondente ao alcance obxecto de certificación, salvo o disposto na disposición adicional primeira.

d) Memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos recollidos no artigo 7.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, ou segundo o previsto nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Unha vez recibida e examinada a solicitude, xunto coa documentación acreditativa, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria poderalle solicitar á entidade canta información complementaria lle sexa precisa para comprobar se cumpre as condicións establecidas na normativa de controis oficiais.

3. Cando se considere necesario, unha vez verificada e avaliada a documentación presentada ou por outras circunstancias concorrentes, poderase efectuar visita de avaliación.

4. As solicitudes resolveraa a Dirección Xeral da Industria Alimentaria nun prazo máximo de seis meses, prazo que se poderá suspender de acordo co disposto no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O transcurso do dito prazo sen se notificar resolución expresa permitiralle ao interesado entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 9. *Obrigas dos organismos de control delegados para a verificación das tarefas de control oficial.*

Ademais do establecido no artigo 25.4 da Lei 6/2015, do 12 de maio, os organismos de control en que se delegase a verificación do cumprimento do prego de condicións terán as seguintes obrigas:

1. Verificar o cumprimento do prego de condicións dun produto no ámbito das tarefas de control obxecto de delegación.

2. Emitir os informes ou resultados de ensaios preceptivos, controis, inspeccións, auditorías, tomas de mostras e determinacións analíticas necesarias, así como a expedición do correspondente certificado de conformidade.

3. Suspender ou retirar a certificación de conformidade do operador en caso de incumprimento do prego de condicións.

4. Comunicar inmediatamente cun prazo máximo de 72 horas á Dirección Xeral da Industria Alimentaria o incumprimento grave ou moi grave unha vez constatado, así como as suspensións ou retiradas da certificación do operador e as medidas correctoras adoptadas.

No suposto de que se aprecie que puidese existir un risco para a saúde das persoas, a saúde animal e vexetal, incluído o material de reprodución vexetal, o ambiente ou o incumprimento en materia de produción ecolóxica, calidade comercial ou consumo, comunicaráselle de forma inmediata, cun prazo máximo de 72 horas, á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, que pola súa vez llelo trasladará ás autoridades competentes.

5. A obriga de informar trimestralmente a Dirección Xeral da Industria Alimentaria sobre as non conformidades detectadas aos operadores para os cales realice a verificación de cumprimento do prego de condicións correspondente. Igualmente deberá informar coa mesma periodicidade sobre as certificacións de conformidade dos operadores concedidas, mantidas, suspendidas ou retiradas, así como, se é o caso, as medidas correctoras adoptadas.

6. Xestionar os datos do rexistro oficial de operadores relativos ás tarefas de control oficial obxecto da delegación.

7. Presentarlle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, antes do 15 de novembro de cada ano, o plan de controis do ano seguinte.

8. Presentarlle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, antes do 1 de marzo de cada ano, o informe anual do ano anterior, que recolla o grao de cumprimento do prego de condicións, as actuacións de inspección ou certificación de conformidade, así como o resto de información requirida no marco do Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria e outros datos estatísticos solicitados.

9. Remitir copia dos informes de auditorías de mantemento da acreditación efectuada polo organismo nacional de acreditación.

A conservación, durante un prazo mínimo de cinco anos, da documentación relativa ás certificacións e/ou inspeccións que efectúen aos operadores.

Artigo 10. Suspensión e retirada da delegación das tarefas de control oficial.

1. Os organismos de control que soliciten a retirada da delegación deberán comunicalo polo menos 3 meses antes de que caduquen os certificados en vigor.

2. Procederá a retirada de oficio en caso de:

- a) Incumprimento dos requisitos que deron lugar á delegación.
- b) Incumprimento das obrigas legalmente establecidas.
- c) Comisión dunha infracción grave regulada no artigo 31.2 e 31.3, ou dunha infracción moi grave das reguladas no artigo 32.2. e 32.3 da Lei 6/2015, do 12 de maio.

3. Unha vez detectada a existencia dalgunha das causas anteriores, e sen prexuízo do establecido nos artigos 23.4 e 29.5 da Lei 6/2015, do 12 de maio, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria suspenderá a delegación e comunicarllo ao organismo de control para que alegue, nun prazo máximo de dez días hábiles, o que considere conveniente, así como as medidas correctoras que, se é o caso, deba tomar. A delegación retirárase sen demora se o organismo de control non toma medidas correctoras adecuadas e oportunas.

4. Todas as resolucións de suspensión ou de retirada da delegación das tarefas de control comunicaranse ás comunidades autónomas afectadas.

CAPÍTULO VI

Control interno

Artigo 11. Control interno das entidades de xestión.

1. As entidades de xestión que establecesen nos seus estatutos un sistema de control interno, conforme o disposto no artigo 24 da Lei 6/2015, asumen as seguintes obrigas:

a) A remisión á Axencia de Información e Control Alimentarios, antes do 15 de novembro de cada ano, da programación anual do sistema de control interno que será aplicado no exercicio seguinte.

b) A Axencia de Información e Control Alimentarios aprobará o dito sistema antes do 31 de decembro de cada ano, salvo que se lle comuniquen á entidade de xestión observacións que supoñan modificacións esenciais del, caso en que se aprobará no prazo dun mes desde que sexan emendadas.

c) No caso a que se refire o número 3 do citado artigo 24, a estrutura da entidade de xestión encargada do control interno, acreditada de conformidade coa Norma UNE-EN ISO/IEC 17020/2012 ou norma que a substitúa, remitirá á Axencia de Información e Control Alimentarios as actas en que se detecta ou hai sospeita dun incumprimento xunto cos seus correspondentes informes, nun prazo máximo de 72 horas desde a expedición das ditas actas, co fin de iniciar, se é o caso, o procedemento sancionador. Adicionalmente, enviará mensualmente copia de todas as actas que non detecten incumprimentos e unha relación das actas expedidas e os informes realizados xa remitidos con anterioridade.

d) Cando se adopten medidas preventivas por parte dos inspectores da estrutura acreditada da entidade de xestión, comunicaráse de xeito inmediato desde a súa adopción e, en calquera caso, nun prazo máximo de 72 horas á Axencia de Información e Control Alimentarios para que se proceda de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 6/2015, do 12 de maio.

e) A remisión á Axencia de Información e Control Alimentarios:

1.º Dunha memoria anual sobre a aplicación do sistema de control interno.

2.º Da relación anual do persoal da estrutura encargada do control, así como das súas modificacións cando se produzan.

2. A Axencia de Información e Control Alimentarios supervisará os sistemas de control interno conforme o disposto no artigo 24.4 da Lei 6/2015, do 12 de maio.

CAPÍTULO VII

Actuacións de control oficial que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios

Artigo 12. *Funcións da Axencia de Información e Control Alimentarios.*

De conformidade co establecido nos puntos 5.b) e 6.j) da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, asígnanse as seguintes funcións á Axencia de Información e Control Alimentarios:

1. As tarefas de inspección, así como iniciar e instruír, conforme o seu propio réxime, os procedementos sancionadores polos incumprimentos da Lei 6/2015, do 12 de maio; as autoridades competentes formularán as propostas de resolución que correspondan.

2. Nos casos en que a Axencia de Información e Control Alimentarios actúe como autoridade competente na verificación dos pregos de condicións, corresponderalle a esta:

a) Emitir os informes preceptivos, logo dos controis, inspeccións, tomas de mostras e análises necesarios, así como expedir o correspondente certificado de conformidade.

b) Suspende ou retirar temporalmente o uso da DOP ou IXP ao operador, no caso de incumprimento do prego de condicións.

c) Verificar o cumprimento do prego, que se poderá apoiar nos controis realizados pola entidade de xestión correspondente, expresamente dirixidos á comprobación dos autocontrois de cada un dos operadores que declarase a súa actividade conforme o artigo 5. Estes controis deberán ter sido tamén supervisados pola Axencia de conformidade co referido no número 2 do artigo 11.

d) Xestionar os datos dos pregos de condicións relativos ás tarefas de control oficial que figuren no sistema unificado de información de operadores.

e) Remitirlle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, antes do 31 de decembro, o plan de control do ano seguinte.

f) Remitirlle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, antes do 1 de marzo de cada ano, a seguinte documentación:

1.º Informe anual do ano anterior, que recolla o grao de cumprimento do prego de condicións, as actuacións de inspección ou certificación de conformidade, a apertura de

expedientes, así como o resto de información requirida no marco do Plan nacional de control oficial da cadea alimentaria e outros datos estatísticos solicitados.

2.º Informe de auditoría externa, se é o caso.

3.º Informe sobre a supervisión do sistema de control interno do ano anterior, no caso de que este sistema fose establecido nos estatutos da entidade de xestión.

CAPÍTULO VIII

Outras disposicións da Lei 6/2015, do 12 de maio

Artigo 13. *Comunicación de etiquetas comerciais.*

1. Os operadores deberán presentar ante a entidade de xestión da DOP ou IXP as etiquetas comerciais que pretendan utilizar para o produto amparado por esa DOP ou IXP, polo menos 15 días hábiles antes da súa posta en circulación.

Dentro do dito prazo, a entidade de xestión que se constituíse como corporación de dereito público poderá comprobar o cumprimento dos requisitos mínimos das etiquetas comerciais da respectiva DOP ou IXP, conforme o indicado no artigo 17.h) 4.º da Lei 6/2015, do 12 de maio, e se non se adaptan a estes notificarlle ao interesado as correccións que considera necesarias. O incumprimento por parte dos operadores destas correccións porase en coñecemento da Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

2. No caso de utilización dunha mesma marca ou presentación, en produtos acollidos a unha ou varias DOP ou IXP de ámbito territorial supraautonómico e en produtos non acollidos a estas, os operadores presentarán todas as etiquetas e os deseños ante a entidade de xestión das DOP ou IXP supraautonómicas. Esta remitirallas, xunto coas súas observacións, á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, que comprobará, mediante a comparación de etiquetas, formatos ou outros elementos de presentación do produto amparado e non amparado pola DOP ou IXP supraautonómica que comparten marca comercial, se existen elementos suficientes para diferenciar claramente a súa cualificación e procedencia, co fin de evitar producirles confusión aos consumidores. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria emitirá un informe ao respecto no prazo dun mes.

Artigo 14. *Solicitude e recoñecemento de lugar cualificado.*

1. A solicitude de lugar cualificado a que se refire a disposición adicional cuarta da Lei 6/2015, do 12 de maio, deberase axustar aos seguintes requisitos:

a) Deberá presentala o operador ou operadores solicitantes no Rexistro Xeral do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e indicar o nome proposto que identifique o lugar.

b) A solicitude incorporará unha memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos na citada disposición adicional cuarta e no prego de condicións da denominación, así como:

1.º Antecedentes e xustificación do uso do nome que se propón.

2.º Delimitación cartográfica da zona afectada.

3.º Descrición das características climatolóxicas e agroxeolóxicas que xustifiquen a uniformidade do lugar e a súa diferenciación.

4.º Características do viñedo.

5.º Informe da Oficina Española de Patentes e Marcas e informe elaborado con base nos rexistros da Oficina de Propiedade Intelectual da Unión Europea (EUIPO), sobre a existencia ou non de marcas rexistradas relacionadas co nome do lugar.

c) Xuntarase un informe do Consello Regulador da DOP.

2. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente remitiralle as solicitudes aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas para o seu informe no prazo dun mes, contado desde a recepción da petición deste.

3. A solicitude resolveraa o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e procederáase ao seu recoñecemento mediante orde ministerial que deberá ser publicada no «Boletín Oficial del Estado». O prazo para notificar a resolución será dun máximo de seis meses. O transcurso do dito prazo sen notificarse resolución expresa permitiralle ao interesado entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 15. *Valoración da mercadoría.*

1. Para os efectos previstos nos artigos 34.4 e 36 da Lei 6/2015, do 12 de maio, e no número 15 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, o valor da mercadoría determinarase de acordo cos seguintes prezos:

- a) Polo prezo de mercado da materia prima ou do produto no momento da inspección.
- b) No caso de non constar o prezo anterior, calcularase con base no prezo medio do mercado do dito produto ou, na súa falta, do de semellantes características da zona de produción de que se trate, no exercicio anterior a aquel en que se efectuase a inspección.
- c) No caso de que a sanción se deba impor en función do número de hectáreas, calcularase o valor multiplicando o número de hectáreas polo rendemento medio por hectárea e polo prezo medio do produto no exercicio anterior a aquel en que se efectuase a inspección. A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá solicitar de oficio a información que precise do operador que lle permita considerar co maior grao de detalle o valor da materia prima e do produto.

2. Os prezos medios de mercado determinarase en función da estatística de prezos agrarios que teñan carácter oficial.

Artigo 16. *Xestión da taxa por actuacións de inspección e control oficial da Axencia de Información e Control Alimentarios.*

A Axencia de Información e Control Alimentarios liquidará a taxa no prazo de vinte días hábiles desde a expedición da acta de inspección, cuxa orde de pagamento se lle notificará ao suxeito pasivo para que realice o seu ingreso nos prazos establecidos no número 2 do artigo 62 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

A recadación da taxa, tanto en período voluntario como executivo, efectuarase conforme o disposto no Regulamento xeral de recadación e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional primeira. *Réxime de obtención da autorización provisional para organismos de control en proceso de acreditación.*

1. Se no momento de solicitar a delegación a entidade de xestión non dispón do certificado de acreditación que se establece no artigo 8.1.c), despois de ser solicitado e unha vez admitida a solicitude de acreditación por un organismo nacional de acreditación, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria poderá conceder unha autorización provisional de 12 meses. Se, transcorrido este período, a citada entidade de xestión non presenta o correspondente certificado, poderán concederse ata un máximo de dúas prórrogas da autorización provisional por un período máximo de 12 meses cada unha.

Neste suposto, en lugar de presentar a documentación establecida no artigo 8.1.c), substituirase por unha copia auténtica ou documento equivalente da solicitude de acreditación para o prego de condicións correspondente, presentada e admitida polo organismo nacional de acreditación e co número de expediente asignado por este organismo.

2. Así mesmo, se o organismo de control non é unha entidade de xestión e, no momento de solicitar a delegación, non dispón do certificado de acreditación que se

establece no artigo 8.1.c), despois de ser solicitado e unha vez admitida a solicitude polo organismo nacional de acreditación, e sempre que dispoña dun certificado de acreditación expedido polo organismo nacional de acreditación para a Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, para outro prego de condicións ou documento normativo, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria poderá conceder unha autorización provisional de 12 meses. Se, transcorrido este período, a citada entidade de xestión non presenta o correspondente certificado, poderanse conceder ata un máximo de dúas prórrogas da autorización provisional por un período máximo de 12 meses cada unha.

Neste suposto, a documentación que deben presentar en lugar da do artigo 8.1.c) substituirase por:

- a) Copia auténtica ou documento equivalente do certificado de acreditación expedido polo organismo nacional de acreditación para a Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, sobre outro prego de condicións ou outro documento normativo.
- b) Copia auténtica ou documento equivalente da solicitude de acreditación para o prego de condicións correspondente, presentada e admitida polo organismo nacional de acreditación e co número de expediente asignado por este organismo.

Disposición adicional segunda. *Requisitos de acreditación.*

A acreditación na Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 da entidade de xestión constituída como corporación de dereito público servirá para os efectos do inicio do procedemento sancionador, igual ca a acreditación na Norma UNE-EN ISO/IEC 17020/2012.

Disposición transitoria primeira. *Prazo para a comunicación de datos dos rexistros das entidades de xestión.*

As entidades de xestión comunicaranlle ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente regulamento, os datos que constan nos diferentes rexistros a que se refire o artigo 5.

Disposición transitoria segunda. *Entrada en funcionamento do sistema unificado de información de operadores.*

No prazo de 18 meses desde a entrada en vigor deste real decreto, será de plena aplicación o artigo 5.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1679/1999, do 29 de outubro, sobre concursos oficiais e concursos oficialmente recoñecidos de viños.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios, aprobado polo Real decreto 227/2014, do 4 de abril.*

Modifícase o Estatuto da Axencia de Información e Control Alimentarios, aprobado polo Real decreto 227/2014, do 4 de abril, na forma que se indica a seguir:

Un. Engádesse unha nova letra c) ao número 1 do artigo 2:

«c) Desenvolver as funcións de control oficial antes da comercialización das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas cuxo ámbito territorial se estenda a máis dunha comunidade autónoma, previstas no Real decreto 267/2017, do 17 de marzo».

Dous. Engádesse unha nova letra ñ) ao artigo 3:

«ñ) Establecer e desenvolver o réxime do control oficial para a verificación dos pregos de condicións designados dos operadores acollidos a denominacións de orixe protexidas ou a indicacións xeográficas protexidas cuxos ámbitos territoriais se estendan a máis dunha comunidade autónoma, e o das súas respectivas entidades de xestión; iniciar e instruír, conforme o seu propio réxime, os procedementos sancionadores polos incumprimentos da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, e formularlle á autoridade competente as propostas de resolución que correspondan».

Tres. Engádese unha nova letra ñ) ao artigo 5:

«ñ) Xestión, liquidación e recadación da taxa polas actuacións de inspección realizadas pola Axencia de Información e Control Alimentarios que sexan competencia do organismo autónomo».

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o réxime de controis que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios, previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

Modifícase o Real decreto 66/2015, do 6 de febreiro, polo que se regula o réxime de controis que aplicará a Axencia de Información e Control Alimentarios, previstos na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, na forma que se indica a seguir:

Un. Engádese unha nova letra c) ao número 1 do artigo 2:

«c) A constatación de irregularidades que se poñan de manifesto no exercicio dos controis oficiais que se lle asignen, ou como consecuencia das denuncias presentadas, e que supoñan infraccións previstas na Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico».

Dous. O número 2 do artigo 9 quedará redactado da seguinte forma:

«2. A Axencia de Información e Control Alimentarios, cando comprobe no desenvolvemento das súas funcións o incumprimento, por parte dalgún operador ou entidade de xestión, das obrigas que lles incumben, que poida constituír unha infracción administrativa prevista na Lei 12/2013, do 2 de agosto, ou na Lei 6/2015, do 12 de maio, levará a cabo as correspondentes medidas que se recollen no capítulo IV deste real decreto».

Tres. Engádese unha nova letra e) ao número 2 do artigo 10:

«e) Comprobar o cumprimento, por parte dos operadores e das entidades de xestión, das obrigas establecidas na Lei 6/2015, do 12 de maio, no marco dos controis oficiais que lle fosen asignados».

Catro. Engádese unha nova letra e) ao número 1 do artigo 13:

«e) Os operadores e as entidades de xestión previstos na Lei 6/2015, do 12 de maio».

Cinco. A letra c) do número 1 do artigo 27 quedará redactada do seguinte xeito:

«c) Levar a cabo, nos casos de infracción da Lei 12/2013, do 2 de agosto, ou da Lei 6/2015, do 12 de maio, as actuacións administrativas que correspondan, de acordo co disposto nelas e nos artigos seguintes».

Seis. Engádese un novo número ao artigo 29:

«4. No ámbito das infraccións da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, cuxa instrución corra a cargo da Axencia de Información e Control Alimentarios, o prazo máximo para resolver o procedemento sancionador e notificar a resolución expresa deste será de seis meses».

Sete. Engádese un novo número ao artigo 30:

«4. No ámbito das infraccións da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, cuxa instrución corra a cargo da Axencia de Información e Control Alimentarios, o prazo máximo para resolver o procedemento sancionador e notificar a resolución expresa deste será de seis meses».

Oito. Engádese un novo artigo 33:

«Artigo 33. *Actuacións nos casos de infraccións previstas na Lei 6/2015, do 12 de maio.*

No caso de que a Axencia de Información e Control Alimentarios constate, no exercicio das súas funcións ou como consecuencia das denuncias presentadas, feitos que puidesen constituír unha infracción prevista na Lei 6/2015, do 12 de maio, iniciará de oficio o procedemento sancionador que corresponda e, tras a oportuna instrución, proporalle á autoridade competente a resolución que proceda».

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 164/2014, do 14 de marzo, polo que se establecen normas complementarias para a produción, designación, presentación e etiquetaxe de determinadas bebidas espirituosas.*

Suprímese a definición de «pacharán» contida na disposición adicional terceira do Real decreto 164/2014, do 14 de marzo.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da economía.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para ditar as disposicións que sexan necesarias en relación cos anexos do presente real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE ENTIDADES DE XESTIÓN DE DOP OU IXP

DATOS DA ENTIDADE DE XESTIÓN SOLICITANTE		
Nome da DOP ou IXP:		
Nome da entidade de xestión:		NIF:
Razón social da entidade de xestión:		
Domicilio:		
Provincia:	CP:	Poboación:
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE		
NIF <input type="checkbox"/>	NIE <input type="checkbox"/>	Número de documento:
Nome:	1º apelido:	2º apelido:
Domicilio:		
Provincia:	CP:	Poboación:
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:

DATOS DA SOLICITUDE
Solicita o recoñecemento como entidade de xestión da DOP ou IXP que figura na primeira epígrafe.

Os datos de carácter persoal que se faciliten mediante este formulario quedarán rexistrados nun ficheiro cuxo responsable é a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, coa finalidade de xestionar este expediente. Por iso poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o dito responsable en: Pº Infanta Isabel nº 1, 28014 Madrid, ou mediante tramitación electrónica. Para calquera cuestión relacionada con esta materia pódense dirixir ao correo electrónico sgcdae@magrama.es

ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

A persoa que asina abaixo, en representación da entidade de xestión solicitante, declara, baixo a súa responsabilidade:

- 1.- Que esta entidade cumpre co establecido no artigo 15 da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico e que se compromete a cumprir coas obrigas do artigo 16 da dita lei.*
- 2.- Que esta entidade cumpre cos requisitos establecidos nos regulamentos comunitarios e que se compromete a cumprir e facer cumprir o prego de condicións aprobado.*
- 3.- Que todos os datos consignados son veraces e que se compromete a probalos documentalmente cando se requira para iso.*

Documentación: *a demais da información antes descrita, declara presentar os seguintes documentos:*

- Copia da tarxeta NIF ou NIE*
- Documento válido en dereito que acredite as facultades de representación*
- Documento notarial da constitución da entidade*
- Copia dos estatutos actualizados ou estatutos provisionais*
- Outros*

....., de de

Asdo.:

ANEXO II

DATOS MÍNIMOS QUE CONTERÁ O SISTEMA UNIFICADO DE INFORMACIÓN DE OPERADORES

- DOP ou IXP.
- N° de rexistro e data de rexistro.
- Tipo de operador.
- Datos identificativos do titular e do representante, se é o caso: nome ou razón social, número de identificación fiscal (NIF), enderezo, teléfono, correo electrónico. Así mesmo, identificarase se o titular é a título individual ou asociado a unha cooperativa ou sociedade agraria de transformación. Indicarase, cando proceda, o nome desta.
- Datos identificativos das parcelas: titular (nome ou razón social), réxime de tenza, porcentaxe de tenza, localización da parcela (provincia, municipio, polígono, parcela, subparcela...), superficie. Cando proceda, indícase a variedade ou variedades e a súa superficie.
- Datos identificativos dos establecementos e das instalacións: tipo de establecemento, nome ou razón social, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico.
- Cando proceda, número de rexistro sanitario (RXSEAA), número de rexistro de industria agraria, número de rexistro de explotación gandeira (Rega), número de rexistro embotellador, tipo de adega.
- Estado no rexistro.

ANEXO III

**SOLICITUDE PARA ACTUAR COMO ORGANISMO DE CERTIFICACIÓN
DE PRODUCTO EN QUE SE DELEGAN AS TAREFAS DE CONTROL
OFICIAL**

DATOS DA ENTIDADE DE CERTIFICACIÓN SOLICITANTE		
Nome da entidade solicitante:		NIF:
Razón social da entidade solicitante:		
Domicilio:		
Provincia:	CP:	Poboación:
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE		
NIF <input type="checkbox"/>	NIE <input type="checkbox"/>	Número de documento:
Nome:	1º apelido:	2º apelido:
Domicilio:		
Provincia:	CP:	Poboación:
Teléfono:	Teléfono móbil:	Correo electrónico:

ALCANCE DA SOLICITUDE
Verificación do cumprimento do prego de condicións da DOP ou IXP:

DATOS DA SOLICITUDE
Solicita actuar como organismo de certificación de produto no cal se delegaron as tarefas de control oficial relacionadas coa verificación do cumprimento do prego de condicións antes da comercialización correspondente á DOP ou IXP de ámbito territorial supraautonómico que figura no punto anterior.

Os datos de carácter persoal que se faciliten mediante este formulario quedarán rexistrados nun ficheiro cuxo responsable é a Dirección Xeral da Industria Alimentaria, coa finalidade de xestionar este expediente. Por iso poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o dito responsable en: Pº Infanta Isabel nº 1, 28014 Madrid, ou mediante tramitación electrónica. Para calquera cuestión relacionada con esta materia pódense dirixir ao correo electrónico sgcdae@magrama.es
--

ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

Declaracións responsables: a persona que asina abaixo, en representación da entidade solicitante, declara:

- 1.- Que a entidade cumpre cos requisitos establecidos nos regulamentos comunitarios, na Lei 6/2015, do 12 de maio, e no Real decreto 267/2017; e que se compromete a cumprir e facer cumprir as obrigas referidas neles.
- 2.- Que todos os datos consignados son veraces e que se compromete a probalos documentalmente cando se requira para iso.

Documentación: ademais da información antes descrita, declara presentar os seguintes documentos:

- Tarxeta de identificación fiscal, escritura de constitución ou estatutos.
- Procedemento de certificación para o prego de condicións correspondente.
- Copia auténtica ou documento equivalente do certificado de acreditación expedido pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac) para a Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, para o prego de condicións correspondente ao alcance da solicitude **ou**, nos casos dispostos na disposición adicional primeira, sinálese o que corresponda:
 - Copia auténtica ou documento equivalente do certificado de acreditación expedido pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac) para a Norma UNE-EN ISO/IEC 17065/2012 ou norma que a substitúa, sobre outro prego de condicións ou outro documento normativo.
 - Copia auténtica ou documento equivalente da solicitude de acreditación para o prego de condicións correspondente, presentada e admitida pola Entidade Nacional de Acreditación (Enac) e número de expediente asignado por este organismo.
- Memoria xustificativa do cumprimento dos requisitos do artigo 7 do Real decreto 267/2017.

....., de de

Asdo.:

**DIRECCIÓN XERAL DA INDUSTRIA ALIMENTARIA
MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE**